

## SOLUCIÓNS ACTIVIDADES 1º BACH SEMANA 30 MARZO-3 ABRIL

### 1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

### 2ª SESIÓN:

#### 1. Indica cal é o tema do texto e fai un resumo.

##### *Posibles respostas:*

O tema do que trata o texto é: Frei Martiño Sarmiento, a valía dun ilustrado adiantado á súa época. // As ideas avanzadas do ilustrado Frei Martiño Sarmiento.

O contido do texto é o seguinte: Céntrase na singularidade do pensamento de Frei Martiño Sarmiento en diferentes campos do saber científico, humanístico e social, destacando a súa visión igualitaria do papel das mulleres e o seu amor a Galicia e a defensa do galego; tamén se pon de manifesto o respecto e admiración que espertaba entre os seus coetáneos e o desinterese do freire aos cargos honoríficos e demais recoñecementos.

#### 2. Sinala a estrutura do texto. En cantas partes podemos dividilo? Xustifica a resposta.

Con relación á estrutura, observamos que o texto está composto de tres parágrafos que se corresponden coas partes nas que podemos dividilo. No primeiro preséntase o autor e a modernidade do seu pensamento: a igualdade na capacidade de pensar entre homes e mulleres, a valía dos pobos indíxenas, a defensa do galego,...

No segundo parágrafo sinálanse as súas ideas relacionadas coa sociedade española e galega do momento: a oposición á pena de morte, ás guerras,...e a defensa da ciencia e da educación, así como o seu amor a Galicia.

Finalmente, no último destácase a admiración que espertaba e a súa falta de presunción e ego, ao rexeitar calquera tipo de honra ou recoñecemento social.

#### 3. Sinala algunha característica propia dos textos expositivos

A nivel lingüístico atopamos unha linguaxe sinxela e obxectiva, sen tecnicismos, polo carácter divulgativo do texto. Predomina a función representativa e a modalidade oracional enunciativa. Destaca tamén a orde e claridade na exposición das ideas, os substantivos precisos, con adxectivos valorativos nalgún caso (erudito ilustrado orixinal) dado a semblanza laudatoria que se fai do autor, os verbos en 3ª persoa, a exemplificación e precisións nalgúns datos (nomeamentos como o de Cronista de Indias ou o de Abade do mosteiro de Ripoll). A exposición é descritiva porque vai achegando datos sobre o autor e exemplificándoos.

#### 4. Explica o significado que teñen no texto as seguintes palabras: *precursoras, eurocentrismo, sobranceira, celeridade*.

- *Precursoras*: Persoas que contribúen con ideas novas que serán perfeccionadas ou imitadas máis tarde.
- *Eurocentrismo*: Tendencia a considerar a Europa como centro ou protagonista da historia da civilización humana.

- *Sobranceira*: Que destaca ou sobresa sobre outro pola súa calidade ou superioridade.
- *Celeridade*: Rapidez, velocidade o prontitude na execución de algo.

### 5. Explica o uso das comiñas en: “*mestre e señor*”.

As comiñas úsanse no texto para indicar que a expresión *mestre e señor* é unha cita textual do padre Sarmiento, é así como el se refería a Feixoo.

### 6. Explica o valor do pronome SE destacado no texto.

*Sarmiento oporase á pena de morte*: O pronome SE é un morfema verbal, forma parte do lexema do verbo que é empregado como pronominal: Oporse.

### 7. Indica se os QUE destacados no último parágrafo son conxuncións ou pronomes relativos.

- *amigo de xentes poderosas que o admiraban*: pronome relativo (*xentes poderosas* é o antecedente ao que fai referencia o pronome).

- *malia as múltiples invitacións que recibe*: pronome relativo (*múltiples invitacións* é o antecedente).

- *Todo parece indicar que frei Martiño Sarmiento é feliz*: conxunción completiva, introduce unha oración subordinada.

- *quen é e o que quere ser*: pronome relativo ( funciona como un substantivo, está determinado polo artigo).

### 8. Xustifica a colocación dos pronomes átonos nas seguintes oracións. É posible outra colocación? De ser así, sinálala.

O pronome persoal de 3ª persoa singular en función de CI **lle** colócase antes do verbo porque vai precedido do adverbio de negación **non**, non admite outra posición. No caso do pronome persoal átono de CD en *deixalos* ao formar parte dun complexo verbal pode ir tras o infinitivo, como no texto, ou tras o verbo conxugado: *pero procúraos deixar*.

### 3ª SESIÓN:

#### Exercicio 1 (páx. 285)

Despois de ler estes textos elabora un decálogo coas ideas lingüísticas dos ilustrados.

- O galego procede do latín.
- Galego e portugués constitúen un único sistema lingüístico, xa que existe unha natural intercomprensión entre os falantes; presentan poucas diferenzas léxicas e fonéticas.
- A evolución do latín ao galego é moi pequena.
- O galego é anterior ao portugués.
- O portugués procede do galego.
- Todo tipo de textos xudiciais ou administrativos foron escritos en galego antes do século XVI.
- A decisión de deixar de escribir en galego non foi adoptada voluntariamente polos galegos.
- Os casteláns, a partir do século XVI, foron os que impuxeron o uso do seu idioma nos ámbitos prestixiosos en que antes se empregaba o galego.
- O catecismo debería estar traducido ao galego.
- Igual que en Cataluña e en América o clero ten que coñecer a lingua dos fregueses, os curas deben coñecer o galego para poder exercer aquí.

## **Exercicios (páx. 294)**

### **1. Resume os argumentos que emprega Pardo de Andrade para abominar a Inquisición.**

- a) Foi unha institución que encheu a Terra de espías, de medo e de loito.
- b) Arrogoose potestades, como a de xulgar conciencias ou tirarlle a vida a unha persoa, que só a Deus competen.
- c) Empregou toda clase de inhumanas torturas coas súas vítimas.
- d) Terxiversou a mensaxe de amor e perdón proclamada por Xesucristo.
- e) Guiouse por leis inxustas e feras, aliándose sempre coa tiranía.
- f) Perseguiu a ciencia, a liberdade e a razón.

### **2. En que fragmentos do texto transloce máis claramente a ideoloxía liberal do autor.**

- Naqueles en que critica, cos argumentos enumerados na pregunta anterior, o Tribunal da Santa Inquisición.
- Naqueles en que abomina as leis inxustas, a tiranía, a opresión e o despotismo, ao mesmo tempo que defende ao pobo orfo e valente que gañou a súa liberdade.